**ASUNTO PLE/2022/00033389R**

**ACTA NÚM. 12 - SESIÓN ORDINARIA 4 DE XULLO DE 2022**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:01 horas** do día **04 de xullo de 2022,** constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**A S I S T E N:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

**PSdeG-PSOE:**
Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Don Rubén Pol Mariño

**PP:**
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

**CA:**
Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Don Xan Xesús Duro Fernández

**BNG:**
Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten os/as concelleiros/as Dona María Esther Pedrosa Carrete, Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, Dona María Angeles Antón Vilasánchez, Don José Antonio Constenla Ramos e Dona María Rozas Pérez, que é xusticada a súa ausencia polo señor alcalde.

**O R D E D O D Í A:**

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondente a sesión ordinaria do día 31 de maio de 2022.**

**2. Aprobación definitiva da modificación puntual (MP) do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) no ámbito dos quinteiros 1 e 2.**

**3. Aprobación definitiva do Estudo de detalle do quinteiro 6 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo).**

**4. Aprobación definitiva do Plan parcial de ordenación do SUND-8. Monte Vidán.**

**5. Aprobación do V Plan municipal de igualdade do concello (2022-2025).**

**6. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade relativa ao recoñecemento de débeda sobre a liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre Santiago de Compostela e Villestro coa empresa "Hermanos Ferrín SL, correspondente ao ano 2021, por importe de 94.913,85 €.-**

**7. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade relativa ao recoñecemento de débeda sobre a liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre a Porta do Camiño, Peregrina e Grixoa coa empresa "Autos Carballo, SLU." correspondente ao ano 2021, por importe de 228.228.12 €.**

**8. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade relativa ao recoñecemento de débeda sobre a liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre San Roque e Aríns coa empresa "Autocares Rias Baixas, SL", correspondente ao ano 2021, por importe de 62.091,95 €.**

**9. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade e seguridade relativa ao recoñecemento de débeda sobre a liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre a rúa da Rosa e o polígono do Tambre coa empresa "Autos Grabanxa SL", correspondente ao ano 2021, por importe de 64.460,94 €.**

**10. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade e seguridade relativa ao recoñecemento de débeda sobre a liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa Tralusa e aprobación de indemnización substitutiva, a prol da mesma, por importe de 2.383.481,76 €.**

**11. Depuración de obrigas dos exercicios pechados 2010 a 2020 por importe de 122.630,36 euros.**

**12. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para que se inclúa na programación das festas música e cultura ao vivo de artistas e empresas locais.**

**13. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a licitación e contratación da continuidade das obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais en Figueiras.**

**14. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a gobernanza do turismo impulsando unha reflexión colectiva sobre esta actividade e a necesidade de medidas para combater o turismo sen control.**

**15. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a convocatoria dun certame anual de pintura rápida.**

**16. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para realizar obras pendentes comprometidas coa veciñanza de Figueiras.**

**17. Proposta de nomeamento de vogais da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico.**

**18. Designación de portavoz no grupo municipal do PP.**

**19. Designación de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais.**

**20. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**

**21. Comparecencia da concelleira delegada de contratación.**

**22. Comparecencia a petición propia do concelleiro delegado de educación.**

**23. Rogos, preguntas e interpelacións.**

**Interpelación:**
1.- Presentada polo BNG sobre o concurso do servizo de comedores escolares.

**Rogos:**
1.- Presentado por CA para que o concello atenda as demandas dos/as traballadores/as do servizo municipal de centros socioculturais en folga.
2.- Presentado polo BNG para a contratación de condutores despedidos da liña de autobús do aeroporto.
3.- Presentado polo BNG para buscar solucións ao conflito laboral na rede de centros socioculturais do concello.
4.- Presentado polo BNG para a regulación e coordinación do tempo dos semáforos.
5.- Presentado por CA para que se atendan as demandas da asociación veciñal Nova Xeira de Figueiras sobre compromisos adquiridos polo alcalde.
6.- Presentado polo PP para aumentar nas fins de semana e festivos a capacidade da liña de autobus entre os Tilos e o aeroporto (6A).
7.-Presentado polo PP para a roza de maleza nas beirarrúas dos polígonos de Costa Vella-A Sionlla.
8.- Presentado polo PP para a retirada e a procura dunha alternativa para a compactadora "provisoria" da Travesa de Fonseca.
9.- Presentado por CA para atender as demandas da veciñanza do Avio, da Torreira e Romaño.

**Preguntas resposta oral:**
1.- Formulada polo PP sobre a falta de previsión, supervisión e control das obras da rúa do Hórreo.
2.- Formulada polo PP sobre a construción dun tramo da senda peonil na Costa de San Lázaro, na beira da antiga estrada N-634.
3.- Formulada por CA sobre as políticas públicas para atender a diversidade sexual e de xénero no concello.
4.- Formulada polo PP sobre os vertidos existentes nuns terreos lindeiros coa rúa Ulpiano Villanueva, no barrio de Vite.

5.- Formulada polo BNG sobre o convenio de uso do campo do polideportivo da USC entre o concello e a universidade
6.- Formulada polo BNG sobre os motivos da recepción parcial da obra dos Concheiros.
7.- Formulada por CA sobre os servizos de conserxarías e limpeza dos centros educativos e das instalacións deportivas actualmente sen contrato.
8.- Formulada polo BNG sobre a clausura da canteira de Miramontes-Grixoa.
9.- Formulada por CA sobre o parque arqueolóxico Compostela Rupestre.

**Preguntas resposta escrita:**
1.- Formulada polo PP sobre saída de emerxencia do local coñecido como discoteca Ruta.
2.- Formulada polo PP sobre estudos de aforos na rúa do Hórreo ata a rotonda da Galuresa, no tramo onde se está a executar o proxecto de reurbanización.
3.- Formulada polo PP sobre dotación de servizos de abastecemento e saneamento ás vivendas na rúa de Amio.
4.- Formulada polo PP sobre as deficiencias nas instalacións da escola Bispo Teodomiro en Marrozos.
5.- Formulada por CA sobre a situación de pagamento das facturas correspondentes ao contrato de servizos de vixilancia en varias dependencias municipais.
6.- Formulada polo BNG sobre a apertura do centro sociocomunitario da Porta do Camiño.
7.- Formulada polo BNG sobre xardineira que dificulta o acceso a garaxe na rúa do Escultor Asorey.
8.- Formulada polo BNG sobre prezos das atraccións para as festas do 25 de xullo.

**24. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:**
1.- Moción presentada por CA para a continuidade das escolas unitarias do rural.
2.- Moción presentada por CA sobre a mellora da accesibilidade e a construción dun novo estacionamento no proxecto de ampliación do CHUS.
3.- Moción presentada por CA sobre a situación e contratacións de traballadores e traballadoras na liña 6 ao aeroporto.
4.- Moción presentada por CA para que o concello facilite e favoreza a actividade dos clubes deportivos do municipio así como o uso e mellora das pistas de atletismo da cidade.
5.- Moción presentada polo BNG para a mellora de espazos públicos no Ensanche.
6.- Moción presentada polo BNG para a estabilización dos postos de traballo municipais (Retirada).
7.- Moción conxunta presentada polo PP, CA e BNG para o cumprimento do contrato da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos.
8.- Moción presentada polo PP para a posta en marcha dunha programación de circuítos saudables.
9.- Moción presentada polo PP sobre o prazo legal para a implantación da recollida de biorresiduos.
10. Moción presentada polo PP para a proposta ao goberno de España dun plan de medidas urxentes extraordinarias en defensa das familias e da economía española.
11.- Presentada polo BNG para a reprobación do concelleiro de educación por non convocar en prazo as actividades de conciliación.

Antes de comezar co estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Carme Iglesias, en relación á licitación da rede de centros socioculturais.
Dona Nastasia Zürcher Losada, en relación á iniciativa presentada por CA sobre música ao vivo.
Dona Esther Martínez, en relación á moción presentada polo BNG para a reprobación do concelleiro de educación por non convocar en prazo as actividades de conciliación.

Van ser tratados na presente sesión os once primeiros puntos incluídos na orde do día, e os restantes serán incluídos nunha próxima sesión plenaria que está prevista para o día 15 de xullo de 2022.

Cumpriméntase así:

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE A SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE MAIO DE 2022.**

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de maio de 2022, núm. 10.

**2. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL (MP) DO PLAN PARCIAL DO SUP-1 (ROMERO DONALLO) NO ÁMBITO DOS QUINTEIROS 1 E 2.**

A proposta é do seguinte teor literal:

“A modificación tramítase de oficio polo Concello de Santiago a resultas dunha proposta presentada por SANTIAGO SUR GALICIA S.L (en adiante SSG).

A proposta presentada consiste nunha reforma puntual das ordenanzas particulares dos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do sector de solo urbanizable SUP-1 (Romero Donallo), que dan fronte ás avenidas de Antón Fraguas e Romero Donallo.

Por providencia da concelleira delegada de Urbanismo de data 23.07.21 resolveuse impulsar a tramitación da modificación proposta por SANTIAGO SUR GALICIA S.L., coa *emisión dos informes que resulten preceptivos e a través do procedemento legal e regulamentariamente establecido.*

**1. Planeamento vixente**

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), na disposición transitoria primeira da súa normativa, remite a ordenación detallada do sector de solo urbanizable SUP-1 ao documento de “*Modificación e adaptación do Plan parcial*” que consta aprobado definitivamente polo Pleno o 28 de setembro de 2006.

No epígrafe 5 da normativa do Plan parcial contéñense as ordenanzas particulares de cada unha das 7 mazás ou quinteiros edificables de uso lucrativo, sinalando a superficie edificable que pode destinarse a cada uso, así como as alturas máximas e superficie máxima de parcela ocupable pola edificación, desagregada sobre e baixo rasante.
As respectivas ordenanzas aplicables establecen a obrigatoriedade de proxecto conxunto para os quinteiros 1 e 6, sinalando ao efecto a necesidade dun deseño e desenvolvemento unitario dos tres “edificios torre” previstos nos referidos quinteiros.

No ámbito do quinteiro 6 aprobouse o 23 de decembro de 2008 un estudo de detalle que axusta as aliñacións definidas no plan parcial.

De seguido resúmense as principais determinacións das ordenanzas particulares do plan parcial vixente aplicables aos quinteiros 1 e 2:

**Quinteiro 1**

Edificabilidade total (sobre rasante): 1838,90 $m^2$c
Ocupación máxima:
Sobre rasante: 371,10
Baixo rasante: 2240

Usos:
En plantas altas: Residencial e compatibles (oficinas, sanitario, asistencial e hoteleiro), 1.638,90 $m^2$c
En planta baixa: uso exclusivo restaurante-cafetería (200 $m^2$c)

**Quinteiro 2**

Edificabilidade total (sobre rasante): 10.727,02 $m^2$c
Ocupación máxima:
Sobre rasante: 1.717,95
Baixo rasante: 1.980

Usos:
En plantas altas: Residencial[1] e compatibles (oficinas, sanitario, asistencial e hoteleiro), 9.386,54 $m^2$c
En planta baixa: comercial, almacéns, oficinas, industrial en categoría 1ª, hoteleiro, sanitario, asistencial, docente, relixioso, sociocultural, deportivo, recreativo, servizos urbanos e administración pública

**2. Obxecto e alcance da modificación**

A modificación proposta trae causa dun estudo de detalle presentado por SANTIAGO SUR en decembro de 2020, no que se propón unha reordenación de volumes no ámbito conxunto dos quinteiros 1 e 2.

As posibilidades de reordenación mediante a figura dun estudio de detalle vense restrinxidas pola actual redacción das ordenanzas aplicables, que taxan a superficie edificable e a ocupación máximas permitidas en cada un dos quinteiros 1 e 2, ademais de que esixen un “proxecto conxunto” para os quinteiros 1 e 6.

Coa reforma presentada habilítase de forma expresa a aprobación de estudos de detalle que reordenen o volume edificable total permitido polo plan parcial no ámbito conxunto dos quinteiros 1 e 2. Todo ilo co obxecto de facilitar unha solución conxunta e integrada para ambos os dous quinteiros, dada a súa contigüidade, especial configuración e emprazamento

[1]Cunha reserva obrigatoria de 4.229,90 $m^2$c con destino a vivenda de protección pública.

A modificación supón a reforma puntual das ordenanzas aplicables aos quinteiros 1 e 2, co seguinte alcance:

1ª. Elimínase a obrigatoriedade de proxecto conxunto nos quinteiros 1 e 6, así como as determinacións máis especificas de deseño e composición dos edificios-torre proxectados naqueles quinteiros.

Con esta finalidade proponse a supresión dos apartados 5 (Condicións de proxecto) e 6 (Obxectivos de deseño urbano) da ordenanza 5.1 (quinteiro 1)

2ª. Permítese a reordenación de volumes mediante un estudo de detalle que poderá redistribuír a suma das superficies edificables e de ocupación permitidas polo plan parcial no conxunto dos dous quinteiros afectados.

Con esta finalidade engádese un novo parágrafo ao final das ordenanzas dos quinteiros 1 e 2.

3ª. Homoxeneizase a regulación dos usos autorizables nas dous quinteiros (1 e 2).

A tal fin amplíanse os usos permitidos na planta baixa do quinteiro 1, admitindo todos os sinalados no plan parcial vixente para o quinteiro 2.

En todo caso, haberá de estarse á regulación xeral de usos establecida no Plan xeral, actualmente en fase de modificación (MP aprobada inicialmente en marzo de 2021).

**3. Ámbito territorial da MP**

A modificación proposta afecta aos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1, que se corresponden coas seguintes parcelas catastrais:

6867717NH3466F0000XO (quinteiro 1, finca rexistral 50601)
6867718NH3466F0000IO (quinteiro 2, finca rexistral 50603)

A modificación afecta tamén, de forma indirecta, ao quinteiro 6 (6568954NH3466H0000IR), ao suprimirse a obrigatoriedade de proxecto conxunto nos quinteiros 1 e 6.

**4. Avaliación ambiental estratéxica**

O planeamento de desenvolvemento e as súas modificación son obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada consonte ao artigo 46.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, en relación co 83.5 da mesma lei.

Por Resolución da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (publicada no Diario Oficial de Galicia o 13.10.2021) formulouse o preceptivo Informe ambiental estratéxico (IAE).
Durante o trámite de consultas ambientais, obtívose o informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET), que sinala a obrigatoriedade de incorporar un Estudio da paisaxe urbana.

**5. Resultado do trámite de participación pública e informes sectoriais**

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75.1.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 186.1.a) do seu Regulamento, a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 7 de decembro de 2021 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 23.12.2021. Simultaneamente, practicouse citación persoal aos titulares catastrais dos terreos afectados, publicándose edicto no Boletín Oficial do Estado do día 22.12.2021.

No expediente constan emitidos os seguintes informes sectoriais:

Informe favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, asinado o 21.04.2022, condicionado a que a liña límite de edificación se sitúe á distancia mínima de 17,50 metros, contados dende o eixo da calzada da SC-20 máis próxima á parcela.

Informe do organismo autónomo Augas de Galicia, asinado o 4.03.2022, no que se sinala que a MP non afecta ás competencias do organismo de conca, e lembra a necesidade de obter autorización previa para as actuacións que pretendan realizarse nas zona de servidume e policía dos leitos públicos, así como para os aproveitamentos de augas e vertidos.

Informe favorable do Instituto de Estudios do Territorio, asinado o 10.02.2022

Resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, asinada o 23.02.2022 (expte. 2022/1606)

Exposto canto antecede, procede efectuar as seguintes **CONSIDERACIÓNS**:

**Primeira. Interese público da modificación**

A modificación ou reforma do planeamento urbanístico aprobado e en vigor constitúe unha manifestación do *ius variandi* da administración, cuxo exercicio ten carácter discrecional, debendo xustificarse en razóns de oportunidade ou conveniencia para o interese público (artigo 83.1 da LSG).

Co fin de flexibilizar a solución arquitectónica dos edificios previstos, a MP permite formular un Estudo de detalle conxunto dos quinteiros 1 e 2, que poderá redistribuír os volumes edificables previstos no plan parcial, sen incrementar a superficie edificable nin a ocupación máximas permitidas polo plan vixente no conxunto dos dous quinteiros afectados.

A posibilidade de formular Estudos de detalle para a reordenación do volume edificable atópase expresamente regulada no artigo 192 do RLSG, pero o teor literal das ordenanzas do plan parcial vixente obriga ao estudo a manter a superficie edificable e a ocupación máxima que se define para cada quinteiro na súa ordenanza particular. Así, o estudo de detalle non podería ampliar a reducida área de edificación prevista polo plan parcial no quinteiro 1, impedindo que puideran estudarse outras solucións arquitectónicas alternativas distintas dos dous *edificios-torre,* no contexto dunha actuación conxunta ou integrada dos quinteiros 1 e 2.

A través da MP habilítase a posibilidade de formular, no ámbito dos quinteiros 1 e 2, un Estudo de detalle de reordenación conxunta que estude máis polo miúdo as

distintas alternativas e solucións para acadar unha mellor integración dos volumes resultantes nos dous quinteiros.

Esta habilitación non resulta necesaria para os outros quinteiros do Plan parcial, porque este define unha maior área de movemento da edificación, susceptible de reordenación dentro do mesmo soar.

**Segunda. Cumprimento da normativa aplicable**

O proxecto de MP, asinado polo arquitecto Fernando Arteaga Ros, reúne o contido mínimo axeitado ao alcance da modificación proposta, e consta integrado pola seguinte documentación:

Memoria xustificativa
Normativa resultante da modificación proposta: nova redacción das ordenanzas particulares aplicables aos quinteiros 1 e 2
Estudo da paisaxe urbana
Planos de situación

A reforma mantén a intensidade de uso, aproveitamento, capacidade residencial e dotacións públicas previstas polo plan vixente no ámbito dos dous quinteiros afectados.

O Plan parcial vixente ten a consideración de *planeamento remitido*, para os efectos do disposto no artigo 105.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia (RLSG); en consecuencia, a modificación das súas determinacións de ordenación detallada debe realizarse a través do procedemento de modificación do plan parcial, hoxe regulado nos artigos 75 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) e 186 do seu Regulamento.

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno Municipal, por maioría simple, consonte ao regulado no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

Con data 31 de maio de 2022 SSG presentou o documento de aprobación definitiva, cuxo contido é idéntico ao do aprobado inicialmente e sometido a información pública.

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Con base nas consideracións anteriores, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos adoptar o seguinte **ACORDO:**

Aprobar definitivamente a Modificación puntual do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) nos quinteiros 1 e 2, segundo o proxecto presentado por SANTIAGO SUR GALICIA S.L. o día 31 de maio de 2022, elaborado polo arquitecto Fernando Arteaga.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei."

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 27 de xuño do corrente ano, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (5 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

Aprobar definitivamente a Modificación puntual do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) nos quinteiros 1 e 2, segundo o proxecto presentado por SANTIAGO SUR GALICIA S.L. o día 31 de maio de 2022, elaborado polo arquitecto Fernando Arteaga.
O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

**3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DO QUINTEIRO 6 DO PLAN PARCIAL DO SUP-1 (ROMERO DONALLO).**

A proposta é do seguinte teor literal:

"O Estudo de detalle formúlase por iniciativa particular de SANTIAGO SUR GALICIA S.L (en adiante SSG) co obxecto reordenar o volume edificable permitido polo Plan parcial do SUP-1 no quinteiro 6 (parcela catastral 6568954NH3466H0000IR).

**1. PLANEAMENTO VIXENTE**

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), na disposición transitoria primeira da súa normativa, remite a ordenación detallada do sector de solo urbanizable SUP-1 ao documento de "*Modificación e adaptación do Plan parcial*" que consta aprobado definitivamente polo Pleno o 28 de setembro de 2006.

No epígrafe 5 da normativa do Plan parcial contéñense as ordenanzas particulares de cada unha das 7 mazás ou quinteiros edificables de uso lucrativo, sinalando a superficie edificable que pode destinarse a cada uso, así como as alturas máximas e superficie máxima de parcela ocupable pola edificación, desagregada sobre e baixo rasante.

A ordenanza aplicable ao quinteiro 1 establece a obrigatoriedade de *proxecto conxunto* para os quinteiros 1 e 6, e sinala a necesidade dun deseño e desenvolvemento unitario dos tres “edificios torre” previstos nos referidos quinteiros.

A ordenanza particular do quinteiro 6 establece os seguintes parámetros:

Edificabilidade total (sobre rasante): 2.753,80 $m^2$c
Ocupación máxima:
Sobre rasante: 512,20 $m^2$
Baixo rasante: 904 $m^2$
Superficie mínima sobre rasante uso público: 391,80 $m^2$

Con data 23.12.2008 o Pleno aprobou definitivamente un Estudo de detalle no quinteiro 6, que axustou a aliñación da parcela.

Con data 7 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno aprobou inicialmente unha Modificación puntual (MP) do Plan parcial do SUP-1, que elimina a obrigatoriedade de proxecto conxunto nos quinteiros 1 e 6.

## 2. ALCANCE E XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE

Segundo indica o informe da arquitecta municipal de Planeamento, o estudo de detalle propón substituír os dous volumes previstos no planeamento vixente por unha única peza, máis regular, mantendo a edificabilidade, ocupación e alturas máximas fixadas no plan parcial.

Polo tanto, a reordenación proposta é conforme co que dispoñen os artigos 79 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 192 do seu Regulamento (RLSG), posto que mantén a superficie edificable, ocupación, altura, e dotacións públicas do plan parcial vixente.

O estudo de detalle resulta tamén compatible coas determinacións da Modificación puntual inicialmente aprobada o 7.12.2021.

## 3. RESULTADO DO TRÁMITE DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 80.2 da LSG e 194.2 do RLSG, o estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 7 de febreiro de 2022 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 24.02.2022. Simultaneamente, practicouse citación persoal aos titulares catastrais dos terreos afectados.

Non consta a formulación de alegacións no trámite de participación pública.
O estudo de detalle obtivo a resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, asinada o 20.05.2022 (expte. 2022/16231).

No expediente consta informe técnico favorable, emitido pola arquitecta da Sección municipal de Planeamento con carácter previo á aprobación inicial.

Con data 1 de xuño de 2022 SSG presentou o documento de aprobación definitiva, cuxo contido é idéntico ao do aprobado inicialmente e sometido a información pública.

De conformidade co que dispoñen os artigos 80.2 da LSG e 194.2 do RLSG, procede adoptar resolución sobre a aprobación definitiva do estudo de detalle.

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno Municipal, por maioría simple, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

## 4. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Con base nas consideracións anteriores, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos adoptar o seguinte **ACORDO:**

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do quinteiro 6 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) -parcela catastral 6568954NH3466H0000IR-, segundo o proxecto presentado o 1 de xuño de 2022 por SANTIAGO SUR GALICIA S.L., asinado polo arquitecto Fernando Arteaga Ros.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia publicarase o acordo de aprobación definitiva xunto co texto do apartado 2.3 (Descrición da proposta).

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudio de detalle quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei."

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 27 de xuño do corrente ano, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (5 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do quinteiro 6 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) -parcela catastral 6568954NH3466H0000IR-, segundo o proxecto presentado o 1 de xuño de 2022 por SANTIAGO SUR GALICIA S.L., asinado polo arquitecto Fernando Arteaga Ros.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia publicarase o acordo de aprobación definitiva xunto co texto do apartado 2.3 (Descrición da proposta).

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudio de detalle quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

## 4. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SUND-8. MONTE VIDÁN.

A proposta é do seguinte teor literal:

“O Plan parcial do SUND-8, elaborado polo arquitecto don Manuel Gallego Jorreto, formúlase por iniciativa particular da mercantil SANTIAGO SUR GALICIA S.L. (en adiante SSG) co obxecto de ordenar a área de solo urbanizable non delimitado SUND-8 (Monte Vidán).

O sector SUND-8 atópase na beira nordeste da rúa Mestra Vitoria Míguez (estrada de Santiago a Noia), e linda ao norte coa rúa do Souto e traseiras de terreos edificados con fronte á rúa de Vidán (números 3 a 15).

### I. DETERMINACIÓNS DO PLAN XERAL

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado no 2008, regula as condicións de desenvolvemento das áreas de solo urbanizable non delimitado (SUND) nos artigos 78, 79 e 80 da normativa.

O PXOM remite a delimitación do sector obxecto de transformación e a súa ordenación detallada a un futuro *plan de sectorización*, de acordo co previsto na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), daquela vixente, hoxe substituída pola Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG)

A disposición transitoria primeira, apartado 1.b, da LSG establece que *a ordenación do solo urbanizable non delimitado realizarase a través de plans parciais, que deberán conter, ademais da delimitación do sector que será obxecto de transformación e das determinacións esixidas polo artigo 68 da LSG, as seguintes especificacións:*

*-Os sistemas xerais incluídos ou adscritos á xestión do sector.*
*-O trazado das redes fundamentais de abastecemento de auga, alcantarillado, enerxía eléctrica e demais servizos que, de ser o caso, prevexa o plan.*
*-A determinación das conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores ao sector e, de ser o caso, a previsión das obras necesarias para a ampliación e o reforzo dos ditos sistemas en función das necesidades xeradas pola actuación e de xeito que se asegure o seu correcto funcionamento.*
*A estes efectos, o plan haberá de incluír un estudo que xustifique a capacidade das redes viarias e de servizos existentes y as medidas procedentes para atender ás necesidades xeradas e, de ser o caso, a implantación do servizo público de transporte, recollida de residuos urbanos y cantos outros resulten precisos.*
*-As características, dimensións e capacidade mínima das infraestruturas e servizos necesarios para o desenvolvemento do sector, así como os terreos necesarios para a*

*conexión co sistema xeral viario y de infraestruturas e servizos urbanos existentes que haberán de incluírse ou adscribirse ao desenvolvemento do sector.*
*-A asignación dos usos globais do sector e a fixación da edificabilidade e das tipoloxías edificatorias.*
*-A previsión de solo para novas dotacións de carácter xeral, na proporción mínima establecida polo artigo 42.1, con independencia das dotacións locais. Os novos sistemas xerais haberán de emprazarse dentro do sector, agás no caso de que o plan xeral determinase especificamente o seu emprazamento concreto noutro lugar.*

Os artigos 78 e 79 da normativa do PXOM configuran o SUND-8 como un área tipo C, á que se aplican os seguintes parámetros e condicións urbanísticas:

Edificabilidade máxima: 0,30 $m^2c/m^2s$
Usos: Vivenda, cunha densidade máxima de 16 vivendas por hectárea[2], e terciario *ata o 50% da edificabilidade*.

Os artigos 79.9.c) e 80.8 do PXOM adscriben ao SUND-8 solo de sistema xeral nas proporcións que deseguido se indican:

Espazos libres públicos: 20 $m^2$ de solo por cada 100 $m^2$ edificables de uso residencial, localizados na ampliación do parque urbano PU-9 (Paxonal).

Equipamento comunitario público: 5 $m^2$ de solo por cada 100 $m^2$ edificables de uso residencial e terciario, localizado na ampliación do cemiterio de Boisaca C-1.

O plan de desenvolvemento delimitará a área de reparto, cos sistemas xerais adscritos, que estarán situados dentro das zonas do PU-9 e do C-1 delimitadas como *SUND* no plano de xestión (3) do PXOM.

## II. CONTIDO E DETERMINACIÓNS DO PLAN PARCIAL

O plan parcial presentado reúne o contido e nivel de determinacións esixido polos artigos 68 e 69 da LSG, e 162 e seguintes do Regulamento de desenvolvemento (RLSG) como de seguido se resume:

### 1. Delimitación do ámbito de planeamento

O ámbito de planeamento coincide co delimitado no PXOM como SUND-8, pero o plan parcial efectúa varios **reaxustes** na delimitación da área de reparto, ao abeiro do previsto nos artigos 157.2 e 163 do RLSG. Estes artigos habilitan ao plan de desenvolvemento para reaxustar a delimitación dos sectores de solo urbanizable "*sempre que non supoñan unha alteración igual ou superior ao 10% do ámbito delimitado polo plan xeral, mesmo cando o reaxuste afecte á clasificación urbanística do solo",* sendo en todo caso necesaria a audiencia previa dos propietarios afectados.

Os reaxustes propostos figuran explicitados na memoria (1.1) e no plano PINFS 02 CATASTRO 6. Consisten en excluír da área de reparto a parcela catastral 4866307NH3446F0001TW (rúa de Vidán, núm. 3), así como unha pequena porción da

[2] Densidade resultante da *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal relativa ao incremento de densidade nos solos urbanizables non delimitados*, aprobada definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 25 de maio de 2015.

4866301NH3446F0001BW (rúa de Vidán, núm. 15). Ambos os dous terreos quedan suxeitos ao réxime da ordenanza 5 do PXOM, segundo se dispón no apartado 7.4 da normativa.

Inclúese tamén no ámbito obxecto de ordenación o competo tramo do camiño do Souto que discorre polo bordo norte do sector.

A superficie neta computable é de 20.851,53 m$^2$. Nela inclúense os terreos -propiedade de SSG- que foron ocupados pola Xunta de Galicia para executar a senda peonil do proxecto AC/13/088.06. No expediente consta informe da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 26.04.2017 -presentado no Concello o 28 de maio 2019- que acredita que a administración autonómica desistiu da expropiación iniciada en relación coa parcela 1, ao terse aceptado por SSG a súa ocupación gratuíta para a realización das obras. En consecuencia, o solo afectado segue a ser de titularidade privada, incluíndose na superficie neta computable e na área de reparto consonte ao disposto no artigo 235 do RLSG.

**2. Edificabilidade e usos**

O plan parcial permite materializar unha superficie edificable total de 6.255,46 m$^2$ construídos, resultado de aplicar á superficie neta computable o índice máximo de 0,30 fixado no PXOM para as áreas tipo C.

Da total superficie edificable dedícase o 50% a uso residencial (3.127,73 m$^2$c), cun número máximo de 33 vivendas (parcelas R1, R2 e R3), e o 50% restante a usos terciarios (parcelas T1 e T2).

Da total edificabilidade residencial permitida cualifícase o 30% (938,32 m$^2$c) para vivenda de protección pública, de acordo coa disposición transitoria quinta da LSG, en relación co artigo 42.9 da mesma lei. A reserva obrigatoria de vivenda protexida sitúase na parcela R2.

**3. Dotacións de sistema local**

As reservas dotacionais de sistema local cumpren os estándares esixidos polos artigos 42 da LSG e 69 do seu Regulamento:

a) Espazos libres: 18 m$^2$ de solo por cada 100 m$^2$ edificables de uso residencial ou hoteleiro, e como mínimo o 10% da superficie total do ámbito, ademais da superficie que xustificadamente se considere necesaria para o uso terciario distinto do hoteleiro.

O plan parcial cualifica unha superficie total de 3.169,74 m$^2$, con destino ao sistema local de zonas verdes computables, ademais doutros espazos libres públicos (non computables) de 1.420 m$^2$.

b) Equipamento comunitario: 10 m$^2$ de solo por cada 100 m$^2$ edificables de uso residencial ou hoteleiro, así como a superficie que xustificadamente se considere necesaria en proporción ao uso terciario, distinto do hoteleiro.

O plan parcial cualifica como equipamento público a parcela D1, cunha superficie de 413,91 m$^2$, na que se poden materializar 436,79 m$^2$c, con destino a uso dotacional múltiple, isto é, que admite calquera dos usos dotacionais públicos relacionados no artigo 71.1 do RLSG.

c) Prazas de aparcadoiro de vehículos (1 por cada 100 m$^2$ edificables, das que como mínimo ¼ haberá de ser de dominio público).

No plano PORD 02 SLIC 2 prevense un total de 196 prazas ([3]), das que 29 se sitúan en solo de dominio público.

d) Arborado: 1 árbore por cada 100 m$^2$ edificables de uso residencial ou hoteleiro, ademais dos que xustificadamente se estimen necesarios en consideración ao uso terciario, distinto do hoteleiro.

O plan parcial prevé un total de 114 árbores.

4. Trazado e características da rede de comunicacións propia do sector e do seu enlace co sistema xeral de comunicacións previsto no plan xeral.

5. **Trazado e características das redes** de abastecemento de auga e de saneamento, residuos, enerxía eléctrica, alumado público, telecomunicacións e gas.

6. **Determinacións de integración paisaxística**. Inclúense nos apartados 1.6.3 e 1.6.4 da memoria.

7. **Conexión do sector cos sistemas xerais existentes**. No plan parcial non se prevén actuacións sobre terreos exteriores ao ámbito do polígono, de conformidade cos informes técnicos emitidos polo Servizo de Planeamento, que estimaron correctamente integrado o sector na rede viaria e de servizos existente, logo das actuacións executadas no ámbito pola Xunta de Galicia (Senda Verde).

8. **Adscrición de sistemas xerais**. Os sistemas xerais adscritos á area de reparto cumpren o sinalado no artigo 80.8 do PXOM, e figuran delimitados nos planos PINFS 02 CATASTRO 7 e CATASTRO 8. Son as seguintes parcelas catastrais:

15079A505003570000FT (porción de 321 m$^2$) no C-1 (Cemiterio de Boisaca)
15079A164000470000QH (127 m$^2$) no PU-9 (Parque urbano Paxonal)
15079A164000190000QY (522 m$^2$) no PU-9

9. **Prazos para o cumprimento dos deberes urbanísticos**. Sinálanse no apartado 7.2 da normativa

10. **Delimitación de polígonos e sistema de actuación**. Delimítase un polígono único (PORD 04 POL 1), e fíxase como sistema de actuación o de compensación, podendo actuarse a través do sistema de concerto no suposto de que a propiedade de todos os terreos pertenza a un único propietario.

11. **Estudo económico** (06.EE). Inclúe a avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización; a memoria de viabilidade económica e o informe de sostibilidade económica.

12. **Catálogo** (05.CAT). En cumprimento do esixido pola Dirección xeral do Patrimonio cultural, catalógase o transformador modernista existente -co nivel de protección

---

[3] O artigo 79 do PXOM vixente recolle o estándar de 2 prazas por cada 100 m$^2$c, de acordo coa xa derrogada Lei 9/2002.

ambiental- e delimítase o seu contorno de protección (PORD 08), que inclúe terreos exteriores ao ámbito do SUND-8, cos efectos regulados na normativa de protección do patrimonio cultural de Galicia (artigo 39 e seguintes da LPCG.)

13. **Estudo de avaliación da mobilidade**, co contido esixido polo artigo 172 do RLSG. Inclúese como anexo á memoria, no epígrafe 8.

14. **Planos** de información e de ordenación detallada

## III. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a medio de Resolución do 1 de febreiro de 2018 –publicada no Diario Oficial de Galicia o 6 de marzo de 2018-, resolveu non someter o Plan parcial ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao tempo que indicou a necesidade de integrar no planeamento as seguintes determinacións:

*-Realizarase unha prospección arqueolóxica intensiva do ámbito do PP e, en xeral, atenderase ás observacións e suxestións establecidas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no seu informe.*
*-As plantacións arbóreas previstas para integración paisaxística das actuacións corresponderanse con especies autóctonas, propias da contorna.*
*-A proposta do PP deberá ter en conta a continuidade da senda de Santiago a Brión ao seu paso polo ámbito, así como a conexión peonil co parque de Brandía, asociado ás beiras do río Sar.*
*-Sen prexuízo do indicado polo organismo competente, consideraranse as medidas de prevención que se establecen na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada recentemente pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.*

A concreción das especies arbóreas previstas, así como das medidas de prevención e defensa contra incendios, remítese na normativa ao futuro proxecto de urbanización.

Respecto da conexión peonil co parque de Brandía, trátase dunha actuación exterior sobre a rede viaria, que non acada a consideración de conexión necesaria ou imprescindible para o correcto funcionamento do SUND-8, nos termos do artigo 43.c do RLSG, polo que se estima improcedente a sua imputación ao SUND-8.

Todas as cuestións sinaladas pola DXPC durante a tramitación do Plan parcial foron xa integradas no documento que se somete a aprobación definitiva.

## IV. SUFICIENCIA DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

Nun documento anexo á Memoria, nomeado "*Redes de servizos urbanos*" incorpórase o resultado dos informes solicitados ás diferentes empresas subministradoras de servizos, segundo esixen os artigos 162.g e 185.2 do RLSG.

No expediente administrativo consta a solicitude de informe previo á aprobación inicial a todas as empresas subministradoras, téndose recibido os de Viaqua e Nedgia Galicia (Grupo Naturgy), asinados en xullo e setembro de 2019, respectivamente, así como escrito de conformidade de UFD S.A.

Transcorrido o prazo de 1 mes dende a solicitude dos informes de R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A., Telefónica España e Ferrovial Servicios S.A., sen que se teña recibido resposta, procede continuar o procedemento de aprobación do plan, de conformidade co disposto nos preceptos anteriormente citados.

Consta no expediente **informe favorable da arquitecta municipal** emitido o 5 de xullo de 2019.

## V. TRAMITACIÓN

### 1. Resultado do primeiro trámite de participación pública

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 186 do seu Regulamento (RLSG), o plan parcial aprobouse inicialmente por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de outubro de 2019, rectificado por outro posterior de 28 de outubro do mesmo ano.

O Plan someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron con data 2.12.2019 no xornal *El Correo Gallego* e no Diario Oficial de Galicia. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado do día 13 de novembro de 2019.

Durante o trámite de participación pública formuláronse varias alegacións, que, logo dos informes técnicos emitidos, foron obxecto de análise e contestación nun acordo adoptado pola Xunta de Goberno o 20 de decembro de 2021.

### 2. Aprobación provisional e novo trámite de información pública

Para dar cumprimento ao requirido polos Servizos Técnicos Municipais, SANTIAGO SUR GALICIA S.L. presentou o día 13 de decembro de 2021 un documento reformado do plan parcial, no que se integraron as seguintes reformas:

-Catalógase o transformador modernista existente no sueste do ámbito, delimitando o seu contorno de protección e o réxime de protección aplicable aos terreos afectados, para dar cumprimento ao condicionado da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
-Intégranse no documento as cuestións relacionadas no acordo de aprobación inicial de 21.10.2019, así como outras que foron sinaladas nos informes emitidos pola Sección de Xestión Urbanística os días 21 de abril e 15 de novembro de 2021.

Dado o alcance das modificacións propostas estimouse necesario abrir un novo trámite de participación pública, con carácter previo á aprobación definitiva do plan parcial. Así, e de conformidade co previsto no artigo 75.1.c) da LSG, con data 20.12.2021 a Xunta de Goberno aprobou provisionalmente o documento reformado, e acordou someter a información pública as seguintes modificacións propostas sobre o plan inicialmente aprobado:

1ª Inclúese no Catálogo do Plan parcial o antigo transformador modernista existente na confluencia das rúas de Vidán e Mestra Vitoria Míguez, co nivel de protección ambiental.

2ª De conformidade co regulado no artigo 12.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, no plano de ordenación P ORD 08 figura delimitado o contorno de protección do elemento catalogado, cos efectos previstos no artigo 45 da mesma lei.

3ª Defínese na normativa (7.4) o réxime urbanístico aplicable aos terreos excluídos da área de reparto (números 3 e 15 da rúa de Vidán), que quedan coa categorización de solo urbano consolidado e suxeitos á ordenanza 5 do PXOM, coas limitacións derivadas da protección do ben catalogado.

4ª A reserva obrigatoria de vivenda protexida, cunha superficie edificable de 938,32 $m^2$c, emprázase na parcela R2.

5ª Incorpóranse o Estudo de sostibilidade económica e a Memoria de viabilidade económica.

6ª Reflíctese na normativa (7.1) o deber dos propietarios de constituírse en Entidade Urbanística de Conservación, durante o prazo de quince anos, a contar dende a recepción completa da urbanización do polígono.

O documento reformado, aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno o 20.12.2021, someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 1.02.2022. Simultaneamente, practicouse citación persoal a todos os titulares catastrais das parcelas afectadas -tanto as do ámbito do SUND-8 como as incluídas no contorno de protección do ben catalogado- e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado de data 1.02.2022.

Durante este segundo trámite de participación, formulouse unha única alegación, asinada por don Alberto Suárez Fontenla, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A. A alegante manifesta que non se opón ao proxecto, pero advirte que a promotora deberá formular no seu momento a correspondente petición de subministro, achegando a documentación técnica que permita avaliar as infraestruturas propostas.

### 3. Informes sectoriais

No primeiro trámite de información pública solicitouse o informe da Axencia Galega de Infraestruturas, que, con data 15 de novembro de 2019, informou que a actuación proposta non afecta á rede autonómica de estradas de Galicia.

Por Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 19.08.2020 emitiuse un informe favorable, condicionado á catalogación do transformador modernista existente e á delimitación do seu contorno de protección, así como á incorporación de varias medidas protectoras na parcela T2 e en todo o contorno de protección.

Con data 5 de abril de 2022 a DXPC emitiu un novo informe favorable sobre o documento aprobado provisionalmente en decembro de 2021, condicionado a que se emendasen ou clarificasen dúas cuestións:

- A delimitación do contorno de protección que figura no Catálogo deberá axustarse á sinalada no plano de ordenación PORD 8.

- No apartado 1.2.3 (Medidas correctoras) das normas de protección referirase a obriga de someter a autorización previa as intervencións que pretenda realizarse no transformador catalogado e no seu contorno de protección, coas excepcións que procedan consonte á normativa reguladora do patrimonio cultural de Galicia (artigo 39 e seguintes da Lei 5/2016)

O plan parcial remitiuse á Delegación do Goberno, para os efectos do disposto nos artigos 5 da Lei 34/1998 do sector de hidrocarburos, 5 da Lei do sector eléctrico, 68 do RD 1434/2002 e Disposición adicional 2ª da Lei 3/2003 reguladora do contrato de concesión de obras públicas. A resultas da citada remisión, obtivéronse os informes do Ministerio de Defensa, do Ministerio de Transportes e da Dirección Xeral de Política Enerxética.

No expediente consta tamén informe favorable da Dirección Xeral de Telecomunicacións, emitido o 23 de maio de 2022 en cumprimento do esixido polo artigo 35 da Lei 9/2014 xeral de telecomunicacións.

**4. Documento reformado que se somete a aprobación definitiva**

Con data 12 de maio de 2022, SANTIAGO SUR GALICIA presentou un documento refundido, que integra as cuestións sinaladas na última resolución da DXPC, así como as que foi preciso introducir para obter o informe favorable de Telecomunicacións.

As reformas introducidas non teñen carácter substancial, polo que non esixen a apertura dun novo trámite de participación pública.

Na marxe do anterior, é preciso completar a redacción do apartado 7.2 da normativa, incorporando os prazos que xa figuraban no plan de etapas do documento inicialmente aprobado.

Por outra banda, estímase conveniente clarificar a redacción do artigo 4.2, no que se relacionan os usos permitidos nas parcelas de uso terciario (T1 e T2). Así, os usos de aloxamento temporal (hoteleiro e análogos) non son autorizables, xa que as reservas dotacionais previstas non tiveron en conta superficie construída de uso hoteleiro.

As emendas a introducir son meras clarificacións ou precisións que non alteran o contido substancial da ordenación.

O **órgano competente** para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno Municipal, por maioría simple, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

**VI. PROPOSTA**

Con base nas consideracións expostas, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro. Aprobar definitivamente** o Plan parcial de ordenación do SUND-8 (Monte Vidán), formulado por iniciativa particular de SANTIAGO SUR GALICIA S.L (SSG), e asinado polo arquitecto don Manuel Gallego Jorreto, segundo o documento presentado o 12 de maio de 2022, coas seguintes **condicións:**

1ª) O apartado 7.2 (Prazos) da normativa quedará coa seguinte redacción:

*-Constitución da Xunta de Compensación: 1 ano a contar desde a publicación do acordo de inicio do procedemento de equidistribución.*
*-Presentación do proxecto de equidistribución: 6 meses desde a constitución da Xunta de Compensación.*
*-Presentación do proxecto de urbanización: 1 ano computado na mesma forma que o anterior.*
*No caso de que a propiedade dos terreos pertenza a un único propietario (sistema de concerto) os prazos para a presentación dos proxectos de equidistribución e de urbanización comezarán a contar desde a publicación do acordo de inicio do procedemento de equidistribución ou, de ser o caso, desde a constitución da correspondente entidade de xestión.*
*-Execución das obras de urbanización: 2 anos a contar desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización sempre que exista dispoñibilidade xurídica dos terreos afectados.*
*-Edificación: 3 anos a partir da recepción polo Concello das obras de urbanización.*

2ª) Na carpeta 08.MOD OD PXOM incluirase o plano de ordenación refundido do PXOM, no que figure a nova delimitación do sector, a ordenanza aplicable aos terreos excluídos (ordenanza 5), así como unha referencia gráfica ao transformador catalogado, similar á dos outros bens catalogados no PXOM, indicando na lenda "*elemento incluído no Catálogo do Plan parcial do SUND-8*".

3ª) Os parágrafos primeiro e segundo do artigo 4.2 da normativa quedarán integrados nun único parágrafo coa seguinte redacción:

*Nas parcelas de uso terciario exclusivo (T1 e T2) só se permitirán os usos terciarios de comercial, restauración, oficinas e equipamento, admitíndose as instalacións de subministro de carburantes con carácter auxiliar ou complementario dun establecemento comercial.*

**Segundo**. Requirir á promotora que achegue o correspondente **documento refundido** como condición para a publicación da normativa no Boletín Oficial da Provincia, así como para a remisión do plan ao Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

De conformidade co disposto polo artigo 267.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia, o acordo de aprobación definitiva do plan parcial determina

o **inicio do procedemento de equidistribución do polígono**, que deberá publicarse no BOP e notificarse persoalmente aos titulares afectados.

SSG deberá instar do Rexistro da Propiedade que expida certificación de dominio e cargas de todas as parcelas afectadas, e estenda a nota marxinal de inicio do expediente nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria (artigo 268.2 RLSG).”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 27 de xuño do corrente ano, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (5 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

**Primeiro:** Aprobar definitivamente o Plan parcial de ordenación do SUND-8 (Monte Vidán), formulado por iniciativa particular de SANTIAGO SUR GALICIA S.L (SSG), e asinado polo arquitecto don Manuel Gallego Jorreto, segundo o documento presentado o 12 de maio de 2022, coas seguintes condicións:

1ª) O apartado 7.2 (Prazos) da normativa quedará coa seguinte redacción:

*Constitución da Xunta de Compensación: 1 ano a contar desde a publicación do acordo de inicio do procedemento de equidistribución.*
*Presentación do proxecto de equidistribución: 6 meses desde a constitución da Xunta de Compensación.*
*Presentación do proxecto de urbanización: 1 ano computado na mesma forma que o anterior.*
*No caso de que a propiedade dos terreos pertenza a un único propietario (sistema de concerto) os prazos para a presentación dos proxectos de equidistribución e de urbanización comezarán a contar desde a publicación do acordo de inicio do procedemento de equidistribución ou, de ser o caso, desde a constitución da correspondente entidade de xestión.*
*Execución das obras de urbanización: 2 anos a contar desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización sempre que exista dispoñibilidade xurídica dos terreos afectados.*
*Edificación: 3 anos a partir da recepción polo Concello das obras de urbanización.*

2ª) Na carpeta 08.MOD OD PXOM incluirase o plano de ordenación refundido do PXOM, no que figure a nova delimitación do sector, a ordenanza aplicable aos terreos excluídos (ordenanza 5), así como unha referencia gráfica ao transformador catalogado, similar á dos outros bens catalogados no PXOM, indicando na lenda “*elemento incluído no Catálogo do Plan parcial do SUND-8”*.

3ª) Os parágrafos primeiro e segundo do artigo 4.2 da normativa quedarán integrados nun único parágrafo coa seguinte redacción:

*Nas parcelas de uso terciario exclusivo (T1 e T2) só se permitirán os usos terciarios de comercial, restauración, oficinas e equipamento, admitíndose as instalacións de subministro de carburantes con carácter auxiliar ou complementario dun establecemento comercial.*

**Segundo:** Requirir á promotora que achegue o correspondente documento refundido como condición para a publicación da normativa no Boletín Oficial da Provincia, así como para a remisión do plan ao Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

O presente acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

De conformidade co disposto polo artigo 267.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia, o acordo de aprobación definitiva do plan parcial determina o inicio do procedemento de equidistribución do polígono, que deberá publicarse no BOP e notificarse persoalmente aos titulares afectados.

SSG deberá instar do Rexistro da Propiedade que expida certificación de dominio e cargas de todas as parcelas afectadas, e estenda a nota marxinal de inicio do expediente nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria (artigo 268.2 RLSG).

**5. APROBACIÓN DO V PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DO CONCELLO (2022-2025).**

A proposta é do seguinte teor literal:

“**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Un Plan de Igualdade é, por definición, un instrumento básico para a identificación, definición, articulación, implementación e avaliación de políticas públicas de igualdade entre mulleres e homes. É un documento que reflexa a visión da política local de igualdade a través das súas liñas estratéxicas e das medidas e accións nas que se traduce ditas liñas; reflexa igualmente o nivel de compromiso co logro da igualdade e a eliminación e superación de obstáculos por parte de todos os actores que de xeito directo ou indirecto están involucrados no seu desenvolvemento-tanto actores políticos, como axentes de xestión e actores comunitarios- e sempre dentro do marco da transversalidade.

O proceso de elaboración do V Plan Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela, sustentase en dous principios orientadores como son a participación e a transversalidade, seguindo unha serie de fases encadeadas:

1.Avaliación do Plan de Igualdade previo (IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela 2017-2020)

2.Toma de decisións e selección de estratexias de intervención

3.Deseño e programación (actualmente atopámonos no momento clave da súa aprobación a que seguirán as fases seguintes)

4.Implementación de accións ou execución do plan propiamente dita

5.Avaliación das accións implementadas e dos resultados obtidos

6.Difusión dos resultados e valoración da sostenibilidade do plan.

**SEGUNDO.-** O V Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela ten como punto de arranque o Informe de Avaliación do IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago promovido dende esta Concellaría de Políticas de Igualdade no ano 2017, do que se parte para identificar as necesidades e deseñar actuacións dirixidas a superar as desigualdades persistentes entre mulleres e homes. Partir de esta diagnose axudou a deseñar un Plan de Igualdade apegado á realidade, recoñecendo ámbitos de mellora e deseñando itinerarios de intervención transformadores.

O plan de Igualdade previo, IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Santiago de Compostela aprobouse para ter unha vixencia no Concello que abarcou o período comprendido entre 2017-2020, se ben no ano 2021 tomouse a decisión de prorrogar este documento ata o ano 2021, ano no que se levaron a cabo os traballos de avaliación das actuacións que nel se contemplaban, coa finalidade de partir dunha visión real da consecución dos obxectivos e accións previstas no anterior documento e dende esa base, comezar a elaboración do V Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

Os resultados da avaliación do IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela, xa finalizado, revela que aínda que no período de vixencia do IV Plan leváronse a cabo diversas accións e medidas, non se completaron totalmente os obxectivos establecidos, sendo unha das principais causas, como era previsible, á situación xerada no ano 2020 polo virus Covid-19, que provocou un parón no desenvolvemento deste plan. Con todo, o aumento de accións no ano 2021, xerou un cambio na tendencia negativa, é un bo motivo para mirar con optimismo ó futuro do Concello de Santiago de Compostela en materia de igualdade de xénero e prevención da violencia.

Así mesmo, a referida avaliación indica a persistencia de desigualdades de xénero en múltiples ámbitos como o emprego, a corresponsabilidade, a conciliación, os recursos económicos, a saúde, a participación social e política, a violencia... destacando como un dos puntos máis débiles a nivel institucional, a falta de transversalidade de xénero e a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero no desenvolvemento de todos os departamentos municipais.

**TERCERO.-** O V Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (2022-2025) estruturase nas seguintes áreas de actuación, que inclúen en cada unha de elas os seus correspondentes obxectivos xerais en tanto metas a acadar, dentro dun cronograma temporal que abarca dende o ano 2022 ata o ano 2025, así como os seus obxectivos específicos ou operativos, en tanto logros que sumados contribúen a finalidade do obxectivo xeral en cada área:

Área 1: COEDUCACIÓN E FORMACIÓN CON PERSPECTIVA DE XÉNERO
Área 2: FORMACIÓN, INSERCIÓN LABORAL E CONCILIACIÓN DOS TEMPOS LABORAIS, FAMILIARES E PERSOAIS

Área 3: APODERAMENTO, PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO
Área 4: CALIDADE DE VIDA E BENESTAR INTEGRAL DE COLECTIVOS ESPECÍFICOS
Área 5: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL
Área 6: SENSIBILIZACIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Son xa numerosas as accións que dende a Concellaría de Políticas de Igualdade xa se están levando a cabo. De feito, moitas delas deron contido as diversas liñas estratéxicas, obxectivos, medidas e accións concretas, pois non se pode obviar que este documento xa parte da experiencia e dun coñecemento acumulado en torno as necesidades, os obstáculos, as aspiracións e desexos da cidadanía, os erros e os acertos de anos de traballo en materia de igualdade de dereitos e oportunidades.

A realización e posta en marcha do V Plan de Igualdade garante que o Concello sitúa esta cuestión de forma prioritaria e seguirá a traballar polo benestar da súa ciudadanía e, en particular, polo das mulleres.

O V Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela non supón obrigas económicas para o Concello de Santiago de Compostela, polo que non se valora pola que subscribe o carácter preceptivo do informe da Intervención municipal.

**CONSIDERACIÓNS**

I.- A Igualdade de todos os seres humanos é un principio universal, que está recoñecido na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. A nivel europeo tamén ven recollido no tratado Constitutivo da Comunidade Europea, o Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o Compromiso Estratéxico para a Igualdade de xénero 2016-2019 da Unión Europea.

II.- Na normativa de ámbito estatal, a Constitución española o consagra como valor superior do ordenamento xurídico nos seus artigos 1 e 14, proclamando a obligación dos poderes públicos de promover as condicións necesarias para que a igualdade sexa real e efectiva no seu artigo 9.2

III.- A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes, e en relación coas Entidades Locais dispón que: “as entidades locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, para tal efecto, co resto das Administracións Públicas” así mesmo, aborda a igualdade de xénero dende unha perspectiva integral, e ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e oportunidades, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller en todos os ámbitos da vida, fixando os principios xerais das políticas públicas para conseguilo, avalando expresamente a adopción de acción positivas en favor destas, para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto aos homes.

IV.- A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, aborda este fenómeno dun modo integral e multidisciplinar, priorizando o seu enfoque preventivo.

V.- Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e

efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

VI.- En desenvolvemento destas competencias asumidas polo Estatuto aprobáronse dúas leis galegas en materia de igualdade, unha no ano 2004, de carácter integral, e outra no ano 2007, específica para o ámbito do traballo, hoxe recollidas no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

VII.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local no seu artigo 25.2 o) recoñece competencias propias dos municipios as "Actuacións na promoción da Igualdade entre homes e Mulleres así como contra a violencia de xénero" Nesta actuación, recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes,a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica,cultural e social.

**PROPOSTA**

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte o seguinte acordo:

Aprobar o V Plan Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (2022-2025)."

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión informativa da Área do Social, Cultura, Participación, Igualdade e Transparencia, correspondente a súa sesión extraordinaria e urxente do 27 de xuño do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleirso/as presentes, acorda:

Aprobar o V Plan Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (2022-2025).

**6. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE RELATIVA AO RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA SOBRE A LIQUIDACIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA ENTRE SANTIAGO DE COMPOSTELA E VILLESTRO COA EMPRESA "HERMANOS FERRÍN SL, CORRESPONDENTE AO ANO 2021, POR IMPORTE DE 94.913,85 €.-**

A proposta é do seguinte teor literal:

"**ANTECEDENTES**

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 5 de abril de 2022, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 10 de xuño de 2022,  o informe o informe de fiscalización emitido polo Interventor Xeral do Concello, de data 14 de xuño de 2022 e o ditame da a Comisión de Presidencia,

Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas na sesión ordinaria, celebrada o 23 de xuño de 2022.

**CONSIDERACIÓNS**

A Base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores. O recoñecemento extraxudicial esixe:

a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións

b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

**PROPOSTA**

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, propoño previo informe da Intervención Xeral do Concello, que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída pola liquidación da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre Santiago de Compostela e Villestro, correspondente ó ano 2021, a prol da entidade "Hermanos Ferrín S.L.", con CIF: B1506995-8, por importe de 94.913,85 €."

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (5 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída pola liquidación da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre Santiago de Compostela e Villestro, correspondente ó ano 2021, a prol da entidade "Hermanos Ferrín S.L.", con CIF: B1506995-8, por importe de 94.913,85 €.

**7. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE RELATIVA AO RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA SOBRE A LIQUIDACIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA ENTRE A PORTA DO CAMIÑO, PEREGRINA E GRIXOA COA EMPRESA "AUTOS CARBALLO, SLU." CORRESPONDENTE AO ANO 2021, POR IMPORTE DE 228.228.12 €.**

A proposta é do seguinte teor literal:

"**ANTECEDENTES**

En consonancia coa memoria xustificativa elaborada pola Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 10 de xuño de 2022 e á vista do informe do Interventor Xeral do Concello, de data 14 de xuño de 2022 e o ditame favorable da A Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas na sesión ordinaria, celebrada o 23 de xuño de 2022.

**CONSIDERACIÓNS**

A Base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores. O recoñecemento extraxudicial esixe:

a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións

b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

**PROPOSTA**

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, propoño previo informe da Intervención Xeral do Concello, que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre a Porta do Camiño, Peregrina e Grixoa, correspondente ó ano 2021, a prol de "Autos Carballo SLU, con CIF: B1506741, por importe de 104.964,88 € "

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (5 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre a Porta do Camiño, Peregrina e Grixoa, correspondente ó ano 2021, a prol de "Autos Carballo SLU, con CIF: B1506741, por importe de 104.964,88 €.

**8. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE RELATIVA AO RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA SOBRE A LIQUIDACIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA ENTRE SAN ROQUE E ARÍNS COA EMPRESA "AUTOCARES RIAS BAIXAS, SL", CORRESPONDENTE AO ANO 2021, POR IMPORTE DE 62.091,95 €.**

A proposta é do seguinte teor literal:

“**ANTECEDENTES**

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 23 de marzo 2022, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 10 de xuño de 2022 e á vista do informe de fiscalización emitido polo Interventor Xeral do Concello, de data 14 de xuño de 2022 e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022.

**CONSIDERACIÓNS**

A Base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores. O recoñecemento extraxudicial esixe:

a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuación.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

**PROPOSTA**

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, propoño previo informe da Intervención Xeral do Concello, que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída pola liquidación da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre San Roque e Aríns, correspondente ó ano 2021, a prol da entidade “Autocres Rias Baixas S.L., con CIF: 3601999, por importe de 62.091,95 €.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (5 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída pola liquidación da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña entre San Roque e Aríns, correspondente ao ano 2021, a prol da entidade “Autocres Rias Baixas S.L., con CIF: 3601999, por importe de 62.091,95 €.

**9. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE RELATIVA AO RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA SOBRE A LIQUIDACIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA ENTRE A RÚA DA ROSA E O POLÍGONO DO TAMBRE COA**

**EMPRESA "AUTOS GRABANXA SL", CORRESPONDENTE AO ANO 2021, POR IMPORTE DE 64.460,94 €.**

A proposta é do seguinte teor literal:

"**ANTECEDENTES**

En consonancia coa Memoria Xustificativa elaborada pola Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 10 de xuño de 2022; á vista do informe do Interventor Xeral Municipal de data 14 de xuño de 2022 e o Ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022.

**CONSIDERACIÓNS**

A Base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores. O recoñecemento extraxudicial esixe:

a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións

b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

**PROPOSTA**

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro , reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, propoño previo informe da Intervención Xeral do Concello , que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda pola liquidación prestación do servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña entre a rúa da Rosa e o Polígono do Tambre, a prol da empresa "Autos Grabanxa SL" con CIF: B15361355, correspondente ó ano 2021, por importe de 64.460,94 €."

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (5 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda pola liquidación prestación do servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña entre a rúa da Rosa e o Polígono do Tambre, a prol da empresa "Autos Grabanxa SL" con CIF: B15361355, correspondente ó ano 2021, por importe de 64.460,94 €.

## 10. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E

**SEGURIDADE RELATIVA AO RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA SOBRE A LIQUIDACIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS COA EMPRESA TRALUSA E APROBACIÓN DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA, A PROL DA MESMA, POR IMPORTE DE 2.383.481,76 €.**

A proposta é do seguinte teor literal:

"**ANTECEDENTES**

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 5 de maio de 2022, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 10 de xuño de 2022 e o informe o informe de fiscalización emitido polo Interventor Xeral do Concello, de data 14 de xuño de 2022 e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022.

**CONSIDERACIÓNS**

A Base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores. O recoñecemento extraxudicial esixe:

a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións

